



**ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A MELLORA, CONSOLIDACIÓN E MANTEMENTO DO SISTEMA INFORMÁTICO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN INTEGRAL DA ORDE DE AXUDAS PARA FOMENTAR A PARTICIPACIÓN DOS PRODUTORES NOS PROGRAMAS DE PRODUCCIÓN E MELLORA DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS CON CALIDADE DIFERENCIADA DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE INDUSTRIAS E CALIDADE AGROALIMENTARIA, NO ÁMBITO DA MEDIDA 132 DO PDR DE GALICIA 2007-2013**

O expediente para a contratación do servizo para a mellora, consolidación e mantemento do sistema informático da aplicación informática para a xestión integral da orde de axudas para fomentar a participación dos produtores nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada da Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria, no ámbito da medida 132 do PDR de Galicia 2007-2013 iniciouse o 17 de agosto de 2010 mediante resolución do director xeral de Agader, cun orzamento de licitación de 64.900 €, IVE incluído.

Tramitouse polo procedemento negociado, ao abeiro dos artigos 153 a 162 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en diante, LCSP).

O 28 de setembro de 2010, o secretario xeral de Agader propuxo a adxudicación do contrato citado.

De acordo coa proposta citada, o director xeral, en virtude das facultades delegadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 21 de xuño de 2007, segundo o previsto no artigo 6.1 j) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia,


**RESOLVE**

Adxudicar o contrato de servizos para a mellora, consolidación e mantemento do sistema informático da aplicación informática para a xestión integral da orde de axudas para fomentar a participación dos produtores nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada da Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria, no ámbito da medida 132 do PDR de Galicia 2007-2013, á empresa **SIVSA Soluciones Informáticas S.A.U** con CIF **A36646685**, por un importe de sesenta e un mil cincocentos oitenta e tres euros con dous céntimos (**61.583,02 €**), IVE incluído.

De acordo co previsto no artigo 140.3 da LCSP, o contrato deberá formalizarse no prazo máximo de quince (15) días hábiles a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación desta adxudicación.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2010  
O director xeral de Agader



Antonio Crespo Iglesias

